



Diagnose desigualdades Compostela



Concellaría de Igualdade




Para que?

- A diagnose pretende ser o marco sobre o que asentar a actuación municipal no desenvolvemento das políticas de igualdade de mulleres e homes.
- Constitúe a base de traballo e ferramenta para poder intervir na acción municipal en materia de xénero de maneira sistemática e programada.

Como

- No proceso de deseño do diagnóstico foi crucial a reflexión estratéxica e a dimensión participativa.



Plan de traballo

Análise documental e estatística.

Entrevistas en profundidade.

Mesas de traballo:

- Mulleres, empregabilidade e condicións laborais.
- Mulleres, benestar e calidade de vida.
- Mulleres e tempo de lecer.
- Mulleres, participación e asociacionismo.

Encontro (decembro 2015).



Mulleres en Compostela

As **mulleres** representan o **54%** da poboación (un total de 95.800 persoas)

Poboación estranxeira: o **53%** son mulleres

Idade media das **mulleres**: **45,8** anos (total 44,2 anos; homes 42,4)

Tendencia a retrasar a idade media da maternidade (**32,5** anos)

Máis do 20% das mulleres no Concello teñen 65 anos ou máis

Mulleres en Compostela

NACEMENTOS

A media de nacementos é de **860,4**. Descenso nas taxas de natalidade.

A taxa mais elevada de nacementos se concentra nas **mulleres** entre **30-39 anos**.

Incremento paulatino dende o ano 2010 das **maternidades na franxa de 40 a 44 anos**

Tendencia a retrasar a **idade media da maternidade** (32,5 anos)

Mulleres en Compostela

FOGARES

Segundo a tipoloxía son os **fogares unipersoais** os que presentan unha tendencia a alza nos últimos anos

Os fogares formados por dúas persoas son os máis numerosos (**31,8%**) seguidos dos fogares de catro ou máis (**2,78%**)

Caída na dinámica de consumo dos fogares

A media de ingresos por fogar pasou de 2.446€ no ano 2009 a 2.186€ para o fin do período analizado, ano 2013

Mulleres en Compostela

EDUCACIÓN

Maior porcentaxe de mulleres no ensino non obrigatorio e de grado superior

No ensino de Bacharelato as rapazas representan o 51,2% fronte ao 48,8% de rapaces

Nos Ciclos de Grado Superior as mozas son o 52,7% do alumnado matriculado

Nos Ciclos de Grado Medio e nos Programas de Cualificación Profesional Inicial teñen menor presenza (45,3% e 30,1%)

Mulleres en Compostela

MULLERES NO ENSINO UNIVERSITARIO

- ✓ 63,4% das matriculacións en 1º e 2º Ciclo e o 67,5% tituladas
- ✓ 61,2% masters oficiais
- ✓ 55,1% doutoramentos
- ✓ 65,7% masters de especialización
- ✓ 72% de IV Ciclo

A xeración de Mulleres millor preparadas

Mulleres en Compostela

EMPREGO

As taxas de paro femeninas son, en xeral, superiores ás masculinas.

Segundo as cifras para o ano 2014, había en Compostela un total de 8.325 demandantes de emprego das que **4.340 eran mulleres (52,1%)**, fronte a 3.985 demandantes homes (47,9%).

O maior número de **mulleres desempregadas** se sitúan no grupo de idade comprendido entre 35 e 39 anos, **55,8%**

Mulleres en Compostela

A partir dos 50 anos hai unha inversión nas taxas de desemprego, os homes son os que presentan un maior volume numérico

Segregación Horizontal Reprodúcese en Compostela a tendencia xeral dunha elevada concentración de mulleres no sector terciario maior presenza nos postos de cualificación intermedia ou baixa e moi reducida nos postos de responsabilidade

Mulleres en Compostela

Son as **mulleres sen emprego anterior** as que representan o maior volume de demandantes, un **63,2%** fronte ao 36,8% de homes.

Atendendo aos índices de paro por sector de actividade os datos reflicten unha baixa taxa de desemprego das mulleres en sectores como a industria, a construción e a agricultura e pesca, e unha concentración elevada rondando o **60% no sector servizos**.

Mulleres en Compostela

Para as mulleres o nivel de estudos acadado resulta fundamental para a consecución dun emprego; mellores resultados en índices de contratación a maior grado de formación, cun **55,8% das contratacións iniciais de mulleres** con nivel de **formación superior**, fronte ao 44,2% dos homes.

A pesar das contratacións, os niveis de desemprego seguen sendo elevados, o que evidencia unha maior incidencia da temporalidade nas novas contratacións

Mulleres en Compostela

REDUCCIÓN DE XORNADA

Mayor incidencia sobre as mulleres 17,54 fronte ao 5,15 nos homes. Un diferencial de 12 puntos

FLEXIBILIZACIÓN OU COORDINACIÓN DE XORNADA

O diferencial se reduce a 5 puntos. Segue supoñendo unha maior incidencia entre as mulleres 36,84 aínda cun aumento entre os homes 24,61

EXCEDENCIAS PARA COIDADADO DE FILLOS E FILLAS

Altas taxas de feminización na solicitude de excedencias por coidado, un 92,63% son de mulleres

Mulleres en Compostela

SERVIZOS PARA O BENESTAR SOCIAL

En Compostela o número de fogares con, alo menos, unha **persoa maior de 65 anos** representan o **20,5%**

Os fogares con **dúas persoas de 65 anos ou máis** o **14,34%**

O **18%** da poboación en Compostela son **pensionistas**, delas o **52,8%** son mulleres

SERVIZOS PARA O BENESTAR SOCIAL

A **incidencia** sobre a poboación xeral na área Compostelana da dependencia é dun **3,34**, moi similar aos datos para Galicia, **3,45**

A situación económica das persoas maiores ven determinada pola cuantía das **pensións percibidas**

Son un **mecanismo de seguridade**. En moitas ocasións os únicos ingresos mensuais

As mulleres representan

80% das persoas perceptoras dunha pensión de viuvez

66,6% das perceptoras dunha pensión non contributiva

55,5% das perceptoras dunha pensión por invalidez

58% das perceptoras do RISGA

78,9% das perceptoras de AES

Mulleres en Compostela

SERVIZOS PARA O BENESTAR SOCIAL

A precariedade en moitas mulleres maiores ven de vello, dende a súa vida laboral (ou ausencia dela) e as consecuencias de pobreza derivadas da desigualdade do sistema de pensións

Importe medio das pensións **811,3€ das mulleres**, fronte aos 1087,4% dos homes

Mulleres en Compostela

GALICIA (2014)

5.209 Denuncias por Violencia de Xenero

IDADE

25-44 anos 57,8%
45-64 anos 24,8%


ORIXE

Europa 1008- España 937
América 187

VIOLENCIA DE XÉNERO

PARTIDO XUDICIAL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA (Santiago de Compostela-Sede- Ames, Boqueixón, Teo e Vedra)

Numero de Denuncias por ano. Partido Xudicial Santiago de Compostela



Mulleres en Compostela

DENUNCIAS NO PARTIDO XUDICIAL

- 66% Atestados Policiais con denuncia directa da vítima
- 14,6% Denuncia directa da Policía
- 12% Parte de lesións
- 3,1% Presentada directamente pola vítima
- 0,5% Presentada por familiares da vítima

Participación e presenza das mulleres

Asociacións de mulleres: dadas de alta no rexistro municipal pasaron de ser **22** no ano 2005 a **16** no ano 2015

Asociacións veciñais: de 38 asociacións veciñais inscritas, **11** están presididas por **mulleres**

Cámara de comercio: no seu comité executivo formado por 8 persoas **non** hai ningunha **muller**. Das 14 vogalías: 2 están ocupadas por mulleres

Asociación de Hostalería de Compostela

Na sección hospedaxe: 12 persoas - **6 son mulleres**

Na sección restauración: 12 persoas- **3 mulleres**

Polígono do Tambre

Xunta Directiva formada por 9 persoas, **ausencia de mulleres**

Participación e presenza das mulleres

Santiago Futsal

Directiva: 8 persoas membras- **ningunha muller**

18 equipos- **2 femininos**

Nas categorías de base infantil nos 8 equipos **so unha nena**

Sociedade Deportiva Compostela

Organigrama Xeral: 14 persoas membras- **3 mulleres**

Non hai equipo feminino

Nas categorías base non participan nenas nin mozas

Participación e presenza das mulleres

Servizo de Biblioteca dos Centros Socio Culturais

Dende o ano 2003 ate o mes de outubro de 2015: **9.113** persoas usuarias do servizo

Dende setembro de 2010 '*Programa Meiga*' contempla a desagregación por sexo

Total de Usuarías 3.103
Mulleres: 1.958 (63,1%)

Participación e presenza das mulleres

Banda Municipal de música 38 Compoñentes

Ano 2010: 4 Mulleres

Ano 2015: 2 Mulleres

Carreira Pedestre Popular Edición 2015

Total de participantes 5.828 das que **1.418** eran **mulleres**

Participantes Adultas (+18) 4.098- **Mulleres 674** (3.424 homes)

Participantes Escolares (-18) 1.730 - **Nenas e Mozas 744** (1.095 homes)

Participación e presenza das mulleres

Configuracións das Corporacións Municipais

	PP			PSOE			BNG			CA*		
	T	M	H	T	M	H	T	M	H	T	M	H
2003	10	1	9	11	5	6	4	1	3	x	x	x
2007	11	4	7	10	5	5	4	2	2	x	x	x
2011	13	6	7	9	5	4	3	1	2	x	x	x
2015	9	5	4	4	2	2	2	1	1	10	5	5

* non tiña candidatura para os anos 2003/2007/2011

Participación e presenza das mulleres

Configuracións da Corporacións Municipais

	2003	2007	2011	2015
Mulleres	7	11	12	13
Homes	18	14	13	12

Mesa de mulleres, empregabilidade e condicións laborais

- Invisibilización e desvalorización das mulleres labregas.
- Estereotipos de xénero na escolla da formación universitaria.
- Barreiras de acceso á oferta formativa existente (para emprender non hai mecanismos de conciliación).
- Ausencia de plans de igualdade nas empresas (requisito para as que teñen máis de 250 persoas contratadas).
- En espazos como o polígono industrial non se aprecia a igualdade de xénero.
- Maioría de homes nos postos directivos (maioría para falar e minoría para traballar).

Mesa de **mulleres**, empregabilidade e condicións laborais

- Nos ámbitos de representación profesional e laboral hai dificultades para poñer en valor ás mulleres e as súas capacidades de incidencia.
- Dificultade ou imposibilidade para conciliar a vida laboral e familiar.
- O modelo de conciliación non axuda (corresponsabilidade).
- Falta de visibilidade de proxectos de emprendemento feminino.
- Falta de espazos relacionais para intercambio no emprendemento de mulleres.

Mesa **mulleres**, benestar e calidade de vida

- Androcentrismo na Saúde.
- Violencia obstétrica no CHUS.
- Falta de formación de profesionais sobre cuestións de saúde feminina relacionada coa crianza.
- Falta de concienciación de profesionais sobre as necesidades das familias nos ingresos hospitalarios de menores.
- Ausencia de recursos para interrupcións voluntarias do embarazo.
- Barreiras administrativas que impiden o acceso ao sistema público de saúde de mulleres inmigrantes/emigrantes.

Mesa **mulleres**, benestar e calidade de vida

- Preocupación polos coidados do futuro.
- Soidade das mulleres.
- Falta de recursos para apoio e intervención familiar.
- Falta de espazos seguros e de calidade no ámbito urbano. Non están pensados para as familias.
- Soidade das familias. (ausencia de redes de apoio).
- Ausencia de parques ou espazos lúdicos cubertos dirixidos e deseñados para as familias.

Mesa **mulleres**, benestar e calidade de vida

- Descoñecemento dos locais ou centros socio-culturais nos barrios
- Non se dá valor aos coidados reprodutivos nin hai recoñecemento á muller como coidadora.
- Illamento da muller no rural.
- Invisibilización do colectivo de mulleres ciganas.
- Vulnerabilidade das mulleres sen fogar (pensións e hostais de baixa calidade).
- Explotación das traballadoras domésticas.

Mesa **mulleres**, benestar e calidade de vida

- Forte asimilación cultural do colectivo migrante, que non se corresponde coa integración real
- Prostitución. Invisibilización e descoñecemento da problemática.
- Falta de recursos para a transexualidade.
- Rixidez e excesiva burocracia para acceder a determinados servizos sociais ou públicos.
- Ausencia tradicional de políticas municipais en clave de xénero.
- Ausencia dunha Concellería da Muller específica.

Mesa **mulleres** tempo de lecer

- Invisibilización do deporte feminino.
- Ausencia de mulleres das actividades e eventos deportivos.
- Inexistencia de redes de mulleres deportistas.
- O formato de ocio en Compostela está dirixido á nocturnidade.
- As mulleres ocupan os espazos de ocio familiar.

Mesa **mulleres** tempo de lecer


- Mantemento dos roles e estereotipos diferenciais nas novas manifestacións artísticas.
- Mantemento das desigualdades no ámbito cultural da música e baile.
- Falta de sensibilización social coa igualdade na cultura.
- Despreocupación a nivel institucional do deporte feminino.

Mesa **mulleres** e participación: Empoderamento, visibilidades, políticas públicas e asociacionismo

- Escasa participación das mulleres a nivel de estruturas e organizacións políticas.
- Invisibilidade da muller no ámbito da participación, especialmente a nivel de cargos e de poder.
- Participación desigual en función do tipo de asociacións.
- Infrarrepresentación nos espazos profesionais.

Mesa **mulleres** e participación: Empoderamento, visibilidades, políticas públicas e asociacionismo

- Falta de empoderamento.
- Falta de participación de mulleres novas en asociacións tradicionais, veciñais e reivindicativas.
- No eido asociativo, falta de relevo xeracional.
- Falta de medios de transporte público e deficientes.



Mesa **mulleres** e participación: Empoderamento, visibilidades, políticas públicas e asociacionismo

- Problemas de accesibilidade aos espazos de participación.
- Mulleres concentradas en espazos como a Praza de abastos, locais que se identifican con movementos feministas, centros sociais e veciñais.
- Falta de traballo en rede, sinerxías e cooperación entre os grupos de mulleres.
- Descoñecemento dos espazos de traballo e participación co Concello.

